

## TERCEIRO EXERCICIO (ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS)

### SUPOSTO PRÁCTICO 2

Segundo o documento *A BUSC en cifras 2022*, a Biblioteca Universitaria da USC (BUSC) é un sistema de bibliotecas con 21 puntos de servizo, repartidos entre os campus de Santiago de Compostela e Lugo, que ocupa unha superficie de máis de 35.500 m<sup>2</sup>. A súa colección supera os 1,5 millóns de exemplares de monografías en soporte físico, e inclúe máis de 43.000 títulos de revistas en papel (case 1.400 en curso de recepción). Dispón dun importante fondo patrimonial, parcialmente dixitalizado, integrado por 801 manuscritos, 145 incunables e máis de 45.000 impresos anteriores a 1900. Aínda que estes fondos están conservados nas distintas bibliotecas da USC, a meirande parte deles están localizados na Biblioteca Xeral.

Entre os obxectivos da planificación estratéxica da BUSC atópanse *impulsar unha política de desenvolvemento dos recursos de información baseada no equilibrio, calidade e sustentabilidade, e velar pola mellora continua dos espazos, o equipamento e as instalacións na BUSC*. Para dar cumprimento a estes obxectivos, a BUSC está a realizar unha análise dos seus espazos e das súas coleccións en soporte físico. A USC, nun contexto de optimización do uso dos espazos, estuda adaptar unha instalación no Campus Vida que permita reubicar os fondos de menor uso nunha biblioteca depósito e abordar a financiación de todo o proceso. A Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, coa finalidade de analizar a viabilidade da proposta, solicita da BUSC un informe sobre aqueles aspectos do proxecto que competen á Biblioteca Universitaria.

Vostede coordina o grupo de traballo creado na BUSC para estudar o proxecto de creación dunha biblioteca depósito, e elaborar unha proposta de informe que

deberá ser debatido en Xunta Técnica. Dentro das súas responsabilidades como coordinadora figura a organización do traballo do grupo.

Polo tanto, **debe vostede elaborar un plan de traballo para o grupo**. O plan recollerá todos os aspectos do proxecto que o grupo deberá abordar para a posterior elaboración do informe, **e incluírá, como mínimo, os obxectivos, actividades e tarefas do grupo, as responsabilidade dos membros, os recursos necesarios, as fontes de consulta, as ferramentas para as reunións de seguimento do traballo e todo o que considere necesario para o bo funcionamento do grupo**.

Para o desenvolvemento deste suposto proporciónaselle o documento *A BUSC en cifras 2022* (Anexo I).